

Casa dos Gayón

040409

Datos de Localización

Casa Grande

Nomenclator:	3206705
Coord. UTM:	X: 594596 Y: 4656976
Concello:	Rairiz de Veiga
Parroquia:	ORDES
Lugar:	Peaguda
Tipoloxía:	Arquitectura Civil
Tipo:	Casas Grandes
Subtipo:	Casa Grande
Denominación:	Casa dos Gayón
Etapa Histórica:	Idade Moderna
Estilo relevante	Popular



Outros Estilos:

Descrición:

Casona de planta rectangular con muros de perpiaño irregular e tellado a tres augas. Na fachada suroeste ten acceso ao segundo andar mediante patín, cuberto polo voo do tellado. Na fachada principal: portalón de entrada que da acceso ao primeiro andar, flanqueado por dous pequenas bufardas. No segundo andar: balcón sobre canzorros de boa labra, formados por dous perpiaños, combinando diferentes molduras: cuarto bocel, listel e caveto. A dereita do balcón, escudo de armas lambrequinado e acuartelado en cruz. No 1º cuartel: ave rapaz sobre castelo; 2º cuartel: espada, acostada de seis bezantes en pal, tres en cada flanco; 3º cuartel: pombas afrontadas picando nun saleiro; 4º cuartel: arbores arrincados en pal. O primeiro e segundo cuartel poderían facer referencia ao apelido Salgado; o terceiro, ao apelido Feijoo.

Segundo algúns veciños foi parte dun pazo do que aínda se conserva, o que en tempos foi a capela privada; hoxe en día separada da casa pola estrada e en parte reconstruída de bloques de cemento, para facer funcións de palleiro. Aínda pode observarse na fachada principal o arranque do que foi a espadana.

Nunha relación de capelas do libro de contas da parroquia díse a propósito da que nos ocupa: "*Hay otra capilla al sitio de Peaguda barrio de esta parroquia de Ordes con el título de Ntra Señora del Rosario propia de la casa de Dn. Manuel Gayón vecino de Trasalva cuio edificio se ha reedificado en este año por su pequeñez. La posee el propio D. Francisco Joaquín de esta vecindad con la obligación de decir la misa del Alba de esta parroquia y Varias rezadas en cada semana y algunas votivas a San Gregorio, San Antonio y San Francisco, tiene la imagen del Rosario, de San Cayetano y San Gregorio que van a pintar ornatos y lo mas necesario para celebrar las misas según sus días propios e independientes de la Iglesia con un libro de su fundación reconocido en las visitas*" (Libro de cuentas, folio 169),

DOCUMENTACIÓN:

-*Inventario del Patrimonio Arquitectónico de Interés Histórico Artístico*. Madrid, 1979.

-A.H.D.OU.

Libro de contas de fábrica, 1667-1902, 35-6-11.

Características Construtivas

Plantas: B+1
Edif. Anexas:
Mat. Fachada: Granito
Mat. Estrutura: Granito, madeira
Mat. Cuberta: Madeira, tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros
Area de Protección: 100 m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado
Proposta de tipo de ben:
Estado de Tramitación: Declarado
Nivel de Protección Arq.: Estructural
Proposta Nivel de Protección Arq.:
Grao de Protección Arq.: ----
Proposta Grao de Protección Arq.: ----
Xustificación da Protección:
Titularidade
Polígono:
Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo
Uso Actual: Habitacional

Alteracións Morfolóxicas

Tipo: Ventás de aluminio, canalóns de PVC. No patín: soportes do tellado de ferro.
Capela, hoxe convertida en palleiro: rehabilitaron parte dos muros utilizando bloques de cemento.

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles











